



# Biblio@

## Unha viaxe sen fin

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



CEIP Plurilingüe  
Amadeo Rodríguez Barroso



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

## CEIP PLURILINGÜE AMADEO RODRÍGUEZ BARROSO

Centro público de dobre liña que atende a 425 alumnos/as de educación infantil e primaria.

Leva o nome dun antigo director do centro dende os anos 90.  
Ata ese momento levaba o nome do barrio no que se sitúa: Os Rosais.

O edificio do colexio é de nova creación (inaugurado en 2010) e está situado ao sueste da cidade, moi preto da zona hospitalaria.

Alumnado de clase media, residente maioritariamente na urbanización de Barrocás, de recente construción.



*Antigo edifício*



# FACENDO HISTORIA

Na breve viaxe da Biblioteca Escolar do CEIP ARB cabe diferenciar con claridade catro etapas:

- 1.- A biblioteca antes de 2009. Punto de partida.
- 2.- A biblioteca pre-PLAMBE (2009-2011).
- 3.- A biblioteca PLAMBE (2011-2023).
- 4.- A biblioteca LIA (2023-24).

# A biblioteca antes de 2009

O local da biblioteca escolar era un **almacén** cunha considerable cantidade de libros (e outras moitas cousas):

± 70% de ficción para alumnado de 3 a 16 anos (necesidades da EXB), a maioría en mal ou moi mal estado.

± 5% de enciclopedias (Larousse, Espasa, Gran Enciclopedia Galega...)

± 20% absolutamente inadecuados para escolares (literatura clásica e achegas de institucións –Concello, Deputación, Xunta...- de moi diversa temática).

# Uso

---

Unha “**aula para todo**”, (clase ordinaria, apoio a grupo pequeno, traballo de algún profesor, traballos de plástica....).

O que menos había era actividades propias dunha biblioteca (lectura, préstamo, consulta, estudo...).

As bibliotecas de aula, sen conexión algunha entre elas, cubrían o seu papel.

# Biblioteca Pre-PLAMBE (2009-2011)

Co obxectivo de acceder ao PLAMBE constitúese un grupo de traballo con profesorado interesado en xestionar e dinamizar a biblioteca escolar de acordo ás propostas da Asesoría de Bibliotecas, da Consellería de Educación.

# Biblioteca Pre-PLAMBE (2009-2011)

Empézase a traballar cos recursos existentes pero segundo as orientacións e **propostas da Asesoría de Bibliotecas:**

- **Formación específica:** Encontros da Asesoría de Bibliotecas Escolares, cursos do CFR, formación no propio centro (Meiga, Traballo por proxecto, fomento da lectura...).

- **Acondicionamento de espazos** para a biblioteca no novo edificio do colexio (curso 2010-2011).



# Biblioteca Pre-PLAMBE (2009-2011)

- Gran expurgo, deixando unicamente os recursos en bo estado e adecuados para as etapas de infantil e primaria.
- Catalogación dos fondos segundo a CDU e uso do Proxecto MEIGA para a súa xestión.
- Establecemento das normas de uso da biblioteca escolar.

# Biblioteca Pre-PLAMBE (2009-2011)

- Amplo abano de actividades de dinamización e fomento da lectura:

Obradoiros  
de contos e  
de poemas

Guías de  
lecturas

Contos de  
familias

Exposicións  
de novidades

Contacontos  
e encontros  
con autores

# Biblioteca Pre-PLAMBE (2009-2011)

Elabórase e preséntase o proxecto **Biblio.a.ro.ba 2011** ao abeiro da convocatoria do Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios para o curso 2011-2012.

**Biblio@**

---

# Biblioteca PLAMBE (2011-2023)

A incorporación ao PLAMBE, no curso 2011-12 supuxo un mundo de **novas posibilidades** e un **subidón anímico** para todo o centro e moi especialmente para o equipo que estaba á fronte da iniciativa.

A importante **inxección económica** (especialmente nos dous primeiros cursos) permitiu un desenvolvemento espectacular a tódolos niveis.

# Biblioteca PLAMBE (2011-2023)

Incorporación progresiva a diversas propostas e proxectos da Asesoría de Bibliotecas:

- Radio Escolar "Radio Rosais" . Curso 2019-20.
- Biblioteca creativa (espazo de creación e de experimentación na biblioteca escolar).
- Biblioteca inclusiva (Biblioteca para todos, para unha mellor atención á diversidade).
- Elbe.2 (plataforma de lectura e préstamo de contidos dixitais para bibliotecas do PLAMBE). Curso 2021-22.
- Koha (Sistema de xestión integral de bibliotecas). Curso 2021-22.

# Biblioteca PLAMBE (2011-2023)

## Local

De inicio, e dado que a biblioteca, como todo o centro, era novo, non se realizaron obras. A maior dificultade viña das reducidas dimensións do local.

En 2023 dáse unha reforma global da casa da Conserxe para acondionala como novo local da biblioteca escolar, gañando en espazo, luminosidade e funcionalidade.

# Biblioteca PLAMBE (2011-2023)

## Mobiliario

- Mesas, estantes, expositores, sofás e bancos adaptados a diversas zonas ou recantos...
- A súa colocación estratéxica por diversos espazos do centro (entrada, corredores, amplos espazos de paso...) permitiu tamén expandir a biblioteca escolar por todo o centro.

# Biblioteca PLAMBE (2011-2023)

## Recursos tecnolóxicos

Cámaras de vídeo e de fotos, equipo informático para a xestión, catro ordenadores para configurar o recanto de informática, proxector e pantalla automática de proxección, kits de robótica para infantil e primaria, impresora en 3D, mp3...



# Biblioteca PLAMBE (2011-2023)

## Fondos

Durante estes anos, partindo do puñado de libros que sobreviviron ao expurgo inicial, a colección coñeceu un desenvolvemento espectacular:

- diversificouse (en canto a temáticas e soportes),
- actualizouse,
- equilibrouse (aumentando especialmente os de contido expositivo) e
- ampliouse ata chegar aos 12000 exemplares da actualidade.

Imaxes actuais

da

biblioteca

Sala

Fóra

# Biblioteca PLAMBE (2011-2023)

## Actividades

A actividade desenvolvida na biblioteca escolar é realmente intensa.

Inunda toda a vida do centro: está presente en tódolos espazos, na acción curricular, nas actividades complementarias e conmemorativas...

Nomearei só as máis salientables do último curso.

# Biblioteca PLAMBE (2011-2023)

## Organización e mantemento do espazo

- Tratamento dos fondos: colocación continua de libros e outros fondos.
- Adaptación do mobiliario a distintos tipos de actividade.
- Mantemento de tódolos recursos en bo estado de funcionamento.
- Montaxe de exposicións e de elementos decorativos adaptados.

# Biblioteca PLAMBE (2011-2023)

## Formación de usuarios

- Formación e coordinación dos axudantes da biblioteca.
- Guía de biblioteca para alumnado. Recordatorio de normas e uso de servizos (préstamo, localización de fondos...).
- Guía de biblioteca para profesorado.
- Xornadas de formación de usuarios para os distintos grupos.
- Presentación da biblioteca escolar por alumnado de 5º/6º.

# Biblioteca PLAMBE (2011-2023)

## Educación documental

- Proxecto Documental integrado para todo centro: "Agora escribes ti: ODS"
- Proxectos específicos para determinados grupos: As abellas (5º de infantil), a vida submarina (6º de infantil), as plantas (4º de infantil).
- Webquest: para o Día da Paz, para o Día das Letras Galegas

# Biblioteca PLAMBE (2011-2023)

## Fomento da lectura

- Mochilas viaxeiras/Bolsiñas viaxeiras
- Exposicións temáticas en diversas zonas do centro, de acordo a diferentes momentos e necesidades do curso (Samaín, 25 de novembro, a Paz, día de Rosalía, día da poesía...).
- Apadriñamentos lectores: Nenos de 6º contan contos a grupos de infantil.
- Cántame un contiño: Pais/nais veñen ao centro como contacontos.

# Biblioteca PLAMBE (2011-2023)

## Fomento da lectura

### ○ Encontros con autores, ilustradores e contacontos...

- Andrea Maceiras
- Érica Esmoris
- Leticia Costas
- Lois Pérez
- Sabela Gago
- Fina Casalderrey
- Lois Prado
- Uxía Morán
- Trinke Trinke Teatro





# Biblioteca LIA.3 (2023-24)

- En 2022 ten lugar a incorporación da biblioteca do centro ao Plan LÍA 2021\_2025, LÍA.3.
- Cunha dotación económica importante crease un escenario diferente, moi versátil, para traballar con metodoloxías innovadoras e motivadoras, con recursos actuais, vanguardistas, na liña dos espazos maker, dos laboratorios de ideas, das bibliotecas creativas, dos polos creativos, da educación STEAM ou dos proxectos competenciais.

# Acondicionamento do local

- Unión de dúas aulas: eliminación do tabique de separación e desescombro.
- Pintado das paredes.
- Revisión do teito e instalación de cableado necesario para as actividades que se van levar a cabo.
- Panelado de cortiza dunha parede.
- Colocación de tarima flotante neste espazo e na anexa zona de xogos.
- Cambio na apertura da porta na zona de xogos.
- Reubicación dos puntos wifi e dos puntos de conexión por rede.
- Adecuación dos andeis existentes e instalación doutros novos.

# Recursos principais

Pantalla interactiva de última xeración  
25 ordenadores portátiles co seu carro de carga.  
Espazo croma con telepronter  
Cámara de fotos e vídeo de altas prestacións  
Estudo de radio  
Espazo de xogo con proxectos LEGO  
Impresora 3D  
Documentación específica

Resultado

Biblio@.lab

# Actividades na Aula LIA

- Experiencias de realidade virtual
- Experiencias de realidade aumentada
- Robótica: Escornabots
- Robótica: Bebots para infantil
- Proxecto Lego Spike
- Gravacións audiovisuais con Croma
- Radio Escolar
- Encontros tecnolóxicos interxeneracionais
- Construcións LEGO e outros xogos educativos
- Impresións 3D
- Experimentos científicos



Para coñecer mellor a nosa biblioteca  
podedes consultar os nosos espazos web

<https://biblioaroba.blogspot.com/>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipamadeobarroso/node>

Moitas grazas  
pola vosa atención

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



CEIP Plurilingüe

Amadeo Rodríguez Barroso